

# Animación á lectura e contacontos

Abril  
maio | 2016



Biblioteca  
Municipal  
e MIHL

Parque da Milagrosa

Continuamos a programación de animación á lectura con máis actividades para esta primavera na Biblioteca Municipal e no MIHL. Celebraremos o Día do Libro e homenaxearemos de maneira especial a Manuel María, o autor ao que se dedica o Día das Letras Galegas deste ano.

É importante que vos fixedes na hora, no lugar e nas idades ás que vai destinada cada sesión.

A entrada é gratuíta, pero como o aforo é limitado, é necesario retirar unha tarxeta de invitación. Estarán dispoñibles na biblioteca a partir do luns da semana da actuación correspondente. Comezarán a entregarse en horario de tarde, dende as 16:30 horas, e por estrita orde de chegada (máximo dúas invitacións por persoa).



Concello de Lugo

Concellería de Cultura, Turismo,  
Xuventude e Promoción da Lingua

ler  
conta moito

Sábado 23 de abril ás 12:00 horas no MIHL

MAU MARELA "Obradoiro de creación literaria e libros pop-up"

Idades: a partir de 5 anos  
Duración: 120 min.

Número de asistentes: máximo 25

Obradoiro no que se elaborará un libro tridimensional que os mesmos nenos e nenas, a través dunha serie de técnicas de elaboración de contos, encherán de contido cunha historia única e orixinal.

Xoves 28 de abril ás 18:30 horas na Biblioteca

SHEREZADE BARDAJI "Palabras confeitadas"

Idades: para bebés de 0 a 3 anos  
Duración: 45 min.

Número de asistentes: máximo 20

Bebecontos para establecer un primeiro contacto coa oralidade e os libros, achegando contos, arrecendos e agarimos a través dos sentidos, os obxectos e as formas.

Sábado 7 de maio ás 12:00 horas no MIHL

NOEMÍ LÓPEZ "Ilustrando Os soños na gaiola"

Idades: a partir de 6 anos  
Duración: 60 min.

Número de asistentes: máximo 20

Obradoiro dirixido por Noemí López, ilustradora da recente edición da obra de Manuel María *Os soños na gaiola*, no que se darán distintas pautas e técnicas de ilustración para interpretar o imaxinario dalgún destes poemas.

Xoves 12 de maio, ás 18:30 horas na Biblioteca

TÍTERES CASCANUECES "Barriga Verde e o Muíño da Néboa"

Idades: a partir de 4 anos  
Duración: 50 min.

Número de asistentes: máximo 40

Barriga Verde vai de pobo en pobo e de feira en feira coa súa barraca chea de historias para facer rir e pensar: monicreques, guitarras, pandeiros e gaitas. A súa próxima función vai ser no Muíño da néboa, onde a choiva é música.

Xoves 19 de maio, ás 18:30 horas na Biblioteca

SARABELA TEATRO "Nola e María na Terra Chá"

Idades: a partir de 5 anos  
Duración: 50 min.

Número de asistentes: máximo 40

Nola e María son dúas viaxeiras incansables que levan a maleta cargada co que aprenderon noutras culturas. O seu próximo destino é a terra onde todo é cantiga grazas aos textos de Manuel María.

Xoves 2 de xuño, ás 18:30 horas na Biblioteca

DARÍO XOHÁN CABANA "Manuel María e a natureza"

Idades: nenas e nenos e adultos  
Non é precisa invitación  
Duración: 50 min.

Preparación da actividade do día do Medio Ambiente: Entrega e distribución aos participantes dos poemas de Manuel María vinculados coa natureza (árbores, plantas, animais, lugares senlleiros...) que se lerán no parque da Milagrosa e pola rúa dedicada a este autor o día 5 de xuño.